



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Orientación, tutoría e calidad		Código	652G02012
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	Castelán/Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Rodicio Garcia, Maria Luisa	Correo electrónico	m.rodicio@udc.es	
Profesorado	Rodicio Garcia, Maria Luisa	Correo electrónico	m.rodicio@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Nesta materia recóllense os conceptos básicos da orientación e tutoría no contexto da Educación Primaria. O docente dese nivel educativo é tutor dun grupo de alumnos/as e debe coñecer esa función e saber cómo concretala no día a día da súa aula. Aquí van atopar respuestas a cómo facelo para conseguir que a acción tutorial sexa, na práctica, parte do "que-facer" docente, contribuíndo así ao desenvolvemento integral dos estudiantes e a mellorar a calidade da educación na devandita etapa.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Todas as expostas na guía docente. *Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha, salvo que se realizarán tódalas actividades planificadas de xeito online, empregando para elo as ferramentas web facilitadas pola UDC.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Se empregarán os mesmos que xa figuran na guía docente, si ben, dándolle unha maior atención: - Correo electrónico: Diariamente. De uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados. - Campus Virtual: Diariamente. Segundo as necesidades do alumnado. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. - Plataforma Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. 1 sesión semanal en pequeno grupo, para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades de aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo na materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non se prevén máis modificacións que o feito de que a proba final da materia se realizará de xeito online.</p> <p>*Observacións de avaliação: Mantéñese todo o que figura na guía docente, agás que: As referencias ao cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesións que se poideron impartir no contexto da aula, ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se fan modificacións ao respecto.</p>			



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A6	Identificar e planificar a resolución de situacíons educativas que afectan a estudiantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.
A12	Abordar e resolver problemas de disciplina.
A18	Participar na definición do proxecto educativo e na actividade xeral do centro atendendo a criterios de xestión de calidade.
A20	Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas.
A21	Coñecer e saber exercer as funcións de titor e orientador en relación coa educación familiar no período 6-12.
A22	Relacionar a educación co medio, e cooperar coas familias e a comunidade.
A23	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestíons más relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalidade; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A24	Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B14	Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.
B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B17	Capacidade de análise e de autoavalíação tanto do propio traballo como do traballo en grupo.
B21	CB1 - Que os estudiantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudiantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudiantes desenvolvesen aquellas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Determinar e propoñer propostas de acción para a atención á diversidade		A6	
		A12	
Enumerar as funcións do titor e orientador en relación cos diferentes axentes educativos e explicar o que isto conleva asegurando a calidade do proceso		A18	B24
		A21	
		A22	
Lembrar o referente á familia (evolución, tipos, funcións, estilos de vida e educación)		A24	
Poñer en práctica as competencias sociais en relación con alumnado, familias, compañeiros e outros profesionais		A20	B2 C3
		B14	
		B15	
Reflexionar sobre a incidencia de factores que afectan á educación familiar e escolar tendo en conta os principios éticos da práctica profesional e persoal.		A23	B17 B23



Defender a necesidade da formación continua como profesional e cidadán			C5 C7
Reproducir os aspectos más relevantes da orientación e a titoría como factores chave da calidad do ensino e mostrar a súa aplicación a diferentes situacíons.		B21 B22 B25	

Contidos	
Temas	Subtemas
Conceptualización da orientación e titoría	Carácter polisémico do concepto de orientación A orientación na aula: concepto de titoría
Principios legais e psicopedagógicos que rexen a orientación e a acción tutorial	Normativa legal vixente Os principios da orientación Aplicación dos principios na acción orientadora
Liñas prioritarias da acción tutorial na Educación Primaria	Áreas da orientación en Educación Primaria A prevención e o desenvolvemento como prioridade
Funcións do profesorado titor	Co alumnado Coas familias Coa comunidade educativa Coa comunidade en xeral
O Plan de acción tutorial (P.A.T.) como elemento de calidad do sistema educativo	Definición Elaboración Evaluación
Recursos para a acción tutorial: Técnicas e instrumentos	A entrevista A observación O sociograma Dinámicas de grupo As TIC

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A23	1	1	2
Análise de fontes documentais	A21 A22 A24 B15 C3	1	20	21
Aprendizaxe colaborativa	A6 A23 B14 B15 B17 B23 B25 C3	9	30	39
Sesión maxistral	A18 A21 A22 A24 B2	9	10	19
Discusión dirixida	A12 C7	2	0	2
Traballos tutelados	A23	4	12	16
Presentación oral	B2 B21 B22 B23 B24 C3	2	0	2
Mapa conceptual	B14 B15 B17 B23 C3	6	0	6
Simulación	A6 A12 A18 A20 A21 A22 B2 B14 B21 B22 B24 C5	4	16	20
Proba mixta	B21 B22 B23	3	0	3
Portafolios do alumno	B14 B15 B17	0	5	5
Eventos científicos e/ou divulgativos	C7	1	9	10
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Nas que os estudiantes mostrarán os seus preconceptos acerca da materia obxecto de estudio, a través de técnicas como o brainstorming
Análise de fontes documentais	Accederán a textos indicados pola profesora así como a outros aos que chegarán eles sós partindo dalgúnha indicación. Terán que ler e responder a algunas cuestións que se expoñan.
Aprendizaxe colaborativa	Propoñeranse unha serie de actividades grupales, para realizar dentro e fora da aula.
Sesión maxistral	Na que a profesora explicará diferentes contidos teóricos do programa.
Discusión dirixida	Debates na aula partindo de temas que se presenten así como doutros que teñan que ver coa actualidade do campo de estudo.
Traballos tutelados	Haberá unha serie de traballos de diferente nivel de esixencia, que realizarán ao longo do curso baixo a tutela da profesora
Presentación oral	Pediráselles que presenten na aula algún dos traballos feitos.
Mapa conceptual	Realizarase un mapa conceptual da asignatura que permita ao estudiante realizar unha síntese da mesma e visualizar, de maneira global, todos os contidos e a súa conceptualización
Simulación	Tenrán que deseñar unha actividade de tutoría e representala na aula, simulando unha situación o máis real posible.
Proba mixta	Terán que demostrar que teñen adquiridos os coñecementos propios da materia, así coma capacidade de relacionar a teoría e a práctica
Portafolios do alumno	No que se recollerá a actividade realizada nas sesións interactivas, a súa avaliación, así como as reflexións xeradas no grupo. Ademais, cada estudiante tendrá que fazer unha avaliación individual da materia e do traballo realizado nela.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Propiciarase a asistencia a algún evento que se realice na Universidade e que redunde na súa formación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Simulación	Para a atención personalizada ao alumnado empregaránse os seguintes medios:
Mapa conceptual	Correo electrónico, Campus Virtual e a plataforma Teams. Nos tres casos tratarase de axustar a súa utilización ás demandas dos estudiantes así como as necesidades derivadas das metodoloxías de traballo propostas.
Traballos tutelados	
Portafolios do alumno	Con estos medios se poderá orientar na consulta de fontes bibliográficas de interés e facilitar outras axeitadas ás necesidades de cada alumno/a, se fará un seguimento dos traballos propostos para desenvolver tanto no contexto da aula coma fora de ella, se farán indicacións axustadas a cada suxeito de cara as exposicións orais propostas e, finalmente, se poderá facer un seguimento da realización do mapa conceptual, atendendo ós diferentes xeitos de plantexalo por parte de cada alumno/a. En cualquera caso, a atención ao alumnado no marco das tutorías, configúrase como unha parte esencial do traballo docente.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Simulación	A6 A12 A18 A20 A21 A22 B2 B14 B21 B22 B24 C5	Valórase a capacidade do alumnado para deseñar unha acción de tutoría así como a "posta en escena" da mesma.	20
Mapa conceptual	B14 B15 B17 B23 C3	Valórase a selección de contidos, a relación entre os mesmos así coma o soporte dixital empregado	10



Presentación oral	B2 B21 B22 B23 B24 C3	Valóranse tanto as habilidades comunicativas coma que os contidos presentados sexan claros e estén ben xustificados	10
Portfolios do alumno	B14 B15 B17	No que se recollerá a actividade realizada nas sesións interactivas, a súa avaliación, así coma as reflexións xeradas no grupo. Ademais, cada estudiante terá que facer unha avaliación individual da materia e do traballo realizado nela.	20
Proba mixta	B21 B22 B23	Valorarase a claridade conceptual e o xeito de relacionar teoría e práctica	40

Observacións avaliación

Para que poidan ser avaliados

según a planificación anterior, o alumnado debe asistir, alomenos, ao 80% das sesións interactivas.

A proba mixta se compondrá de dúas partes: proba obxectiva e preguntas de resposta breve. Será preciso obter alomenos o 50% en cada parte para aprobar.

O alumno/a que non

cumpra o anterior criterio (80% de asistencia ás sesións interactivas), deberá realizar un exame (proba mixta similar á do alumnado que teña asistido habitualmente ás sesións interactivas), que será o 100% da cualificación final.

O alumnado "non presencial", terá a

posibilidade de facer entrega das actividades suxeridas ao alumnado presencial, facéndoas de xeito individual e cumplindo os mesmos prazos. Estas entregas valoraránse de cara á nota final, unha vez que se obtivese unha puntuación de 5 puntos, ou superior, no exame. Estas actividades non terán un carácter obligatorio.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Angulo Vargas, A. (2009). La tutoría en la Educación Primaria. Wolters Kluwer- Bisquerra, R. (Coord.) (2008). Modelos de orientación e intervención psicopedagógica. Praxis- Carrera, C., López, T., Matías, P. e Santamaría, C. (2016). Agenda de trabajo del orientador en centros educativos de Educación Infantil y Primaria. Narcea- Monge Crespo, C. (2009). Tutoría y orientación educativa. Wolters kluwer- Pantoja, A. (2013). La acción tutorial en la Escuela. Síntesis- Rodicio García, M.L. (2001). La Orientación en Galicia. RIE- Sobrado, L.; Fernández, E. y Rodicio, M.L. (2012). Orientación educativa. Nuevas perspectivas. Biblioteca Nueva- Uruñuela, P.M. (2016). Trabajar la convivencia en los centros educativos. Una mirada al bosque de la convivencia. Narcea- Vallespir-Soler, J. y Morey-López, M. (2019). La formación del profesorado de educación primaria respecto a la participación de las familias.. Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado, 22(3), 77-92- Urosa, B. y Lázaro, S. (2017). La función tutorial en educación infantil y primaria: actividades que implica y dificultad percibida por el profesorado en su desarrollo. Educatio Siglo XXI, 35(2), 111-138- Marrodán Gironés, M.J. (2003). La acción tutorial en educación primaria. ICCE
---------------------	--



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Marrodán Gironés, M.J. y Balebona Martínez, J.M. (2008). La calidad en la Orientación escolar. ICCE- Galve, J.L. et al. (2009). PUES, ¡CLARO! Programa de estrategias de resolución de problemas y refuerzo de las operaciones básicas. (Col. De 6-12 años).. CEPE- Renom, A. (2011). Educación emocional. Programa para educación primaria (6-12 años). (Libro electrónico).. Wolters Kluwer- Rodríguez Montoya, F. (2018). ¿Cómo vive el alumnado la transición de la educación primaria a la educación secundaria . Revista de Orientación Educacional, 32(62), 77-87- Rodicio-García, M.L. e Iglesias-Cortizas, M.J. (2011). Acoso Escolar. Diagnóstico y prevención. Biblioteca Nueva- Hunter,C. (2016). Comprender y mejorar la conducta trabajando en grupo. Una metodología centrada en el alumnado. Narcea- Sola Martínez, T. y López Sánchez, M. (2008). El Plan de Orientación y acción tutorial en Educación Infantil y Primaria: Recursos prácticos para su programación y ejecución . Ed. Universitas S.A.- Uruñuela, P.M. (2016). Trabajar la convivencia en los centros educativos. Una mirada al bosque de la convivencia. Narcea
-----------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

- Non se pedirá facer ningunha entrega en formato papel, todo terá que ser dixital vía Campus Virtual ou calquera outra plataforma que se indique. En caso de facela, non se terá en conta de cara a avaliación final da asignatura.- Para poder atender axeitadamente ó alumnado, os contactos coa profesora se realizarán vía Campus Virtual, non no correo electrónico da profesora. - É imprescindible a utilización dunha liguaxe inclusiva, tanto a nivel oral coma escrito.- Penalizarase o plaxio, seguindo o recollido no Art. 14. 4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario.- Atenderase á diversidade para facer as adaptacións oportunas a esta guía, tanto si son suxeridas pola UADI, como si son consideradas necesarias, por parte da profesora.- Recoméndase non empregar plásticos, elixir a impresión a doble cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores e traballos sempre que sexa posible. A asignatura contribúe a elo non admitindo nada en papel, como xa se indicou. - Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías